



## **Xornalistas Galegas** recibe o premio Comunicar en Igualdade pola súa análise da presenza de mulleres na Opinión

**A equipa de compañeiras do grupo As Mulleres na Opinión gaña o primeiro premio pola reportaxe “As mulleres na Opinión: un elefante rosa no medio das redaccións”**

**Santiago, 12 de novembro.** O grupo **As Mulleres na Opinión**, da asociación Xornalistas Galegas, vén de gañar o premio Comunicar en Igualdade 2019 da Xunta de Galicia polo seu estudo da opinión nos principais xornais galegos.

Este galardón, outorgado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta, destaca co primeiro premio a radiografía dos artigos de Opinión publicados nos sete xornais galegos con máis lectores segundo o Estudo Xeral de Medios e a reportaxe derivada deste traballo: [“As mulleres na Opinión: un elefante rosa no medio das redaccións”](#), publicada o pasado 15 de setembro no xornal dixital *Praza Pública*.

O traballo premiado avalía máis de 27.000 pezas publicadas ao longo do ano 2018 dentro do xénero da Opinión e reflicte que só un 15,5% destas levan unha sinatura feminina. Contabilizada toda a opinión do ano pasado en La Voz de Galicia, Faro de Vigo, El Progreso, La Región, El Correo Gallego, Diario de Pontevedra e La Opinión A Coruña vemos que hai sete artigos asinados por homes por cada muller que opina.

O premio Comunicar en Igualdade 2019, cuxa resolución sae publicada no [DOG do 12 de novembro do 2019](#), ten como obxecto “recoñecer e recompensar traballos de tipo xornalístico que contribúan á defensa e difusión dos valores da igualdade entre mulleres e homes, así como á loita contra a violencia de xénero”.

Xornalistas Galegas felicita ás Mulleres na Opinión por este traballo que pretende abrir un debate en toda a sociedade e estende os seus parabéns ao resto das premiadas, ás xornalistas Sara Vila Alonso e Montserrat Dopico González, e a Uxía Castro, Lucía Parrilla del Río e Silvia López que foron galardoadas na categoría para o alumnado universitario.

As Mulleres na Opinión é unha equipa de profesionais galegas da comunicación que foi coordinada polas xornalistas Cláudia Morán, Susana Rois e Ana González Liste. Este grupo forma parte da asociación Xornalistas Galegas, que naceu da forza da primeira folga de mulleres nun 8 de marzo e que loita por un xornalismo con perspectiva feminista.

Saúdos,

## **Xornalistas Galegas**

**Para máis información:**

Email: [xornalistasgalegas@gmail.com](mailto:xornalistasgalegas@gmail.com)

[Manifesto – Por un Xornalismo Feminista](#)

WEB [xornalistasgalegas.org](http://xornalistasgalegas.org)

TWITTER [@asxornalistas](https://twitter.com/asxornalistas)